

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE DECEMBRO DE 2015**

### **FAVORABLES.-**

**LAP/18/2012.- PINELE DEPORTES, S. L.-** Conceder as licenzas de obra e apertura dun local para dedicar á actividade de gimnasio sito na Avda. de Vilagarcía nº 11.

**LAP/316/2012.- DULCE CALVO, S. L.-** Conceder as licenzas de obra e apertura dun local para venda de textil na rúa Xeneral Pardiñas nº 8 000.

**LIC/1978/2014.- JULIO RIOBOO MACIAS.-** Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rúa Mallou de Abaixo nº 1.

**LIC/487/2015.- JESÚS MALLOU NOYA.-** Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Guadalupe nº 65.

### **DESFAVORABLES.-**

**LIC/1573/2010.- CASAL COTÓN, S. L.-** Derruba no lugar de A Lavacolla, 40.

### **SEGREGACIÓNS.-**

**LIC/1667/2014.- MANUEL FULGENCIO FLORENTINO OTERO GIGIREY.-** Segregación de parcela nº 105 do plano xeral de concentración parcelaria de Busto – lugar de Cuco e Agriño.

### **PRÓRROGA.-**

**LIC/1939/2014.- VICTOR MANUEL IGLESIAS PAMPIN.-** Conceder a prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2015 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesía Vite de Arriba.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obra e apertura dun local para adicar a actividade de ximnasio, sito na Avda. de Vilagarcía, nº 11. (LAP/18/2012).** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obra e apertura dun local para venda de textil na rúa Xeneral Pardiñas, nº 8. (LAP/316/2012).** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Rúa Mallou de Abaixo, nº 1. (LIC/1978/2014).** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Guadalupe, nº 65. (LIC/487/2015).** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para derruba no lugar de A Lavacolla, nº 40.(LIC/1573/2010).** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa a segregación de parcela nº 105 do plano xeral de concentración parcelaria en Busto. Lugar de Cuco e Agriño. (LIC/1667/2014).** Apróbase a proposta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa a prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno de data 28.11.15 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Travesía Vite de Arriba. (LIC/1939/2014).** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á tramitación de prezo contradictorio para a reparación de varanda en**

**San Francisco.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á "Ampliación de prazo na execución das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois".** Acórdase a ampliación do prazo de execución das obras ata o 17 de decembro de 2015. A medida foi solicitada pola empresa contratista, aducindo atrasos nos rendementos de traballo habituais como consecuencia do control arqueolóxico ao que está sometida a obra. O acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois fora suspendido entre o 22 de maio e o 10 de setembro por razóns de control arqueolóxico. O orzamento das obras é de 52.543,08 euros máis IVE.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa a corrección de erros parcelas BB5 e BB2 no SUNP-11 do CASTIÑEIRIÑO.** Apróbase a proposta.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato "Proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña".** Acórdase rexeitar a oferta presentada pola empresa Arines Obras y Proyectos S.L. por non ter presentado o sobre nº 2, obrigatorio no prego administrativo. Acórdase adxudicar o contrato a Construcciones Iglesias Mera S.L, por un importe de 25.780,95 euros (IVE aparte de 5.414euros)

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do Parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela (contrato reservado a centros especiais de emprego segundo a D.A. 5ª do TRLCSP)."** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, cun tipo de licitación de 82.644,63 euros, máis un IVE de 17.355,37 euros.

**14 a 69.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**70.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a entrega de chaves como consecuencia de terse denunciado e rescindido contrato cesión vivenda.** Dáse conta da entrega de chaves e de que queda libre a disposición do Concello o piso 2ºD da rúa Roma que utilizaba a Asociación Red Madre Coruña, como consecuencia de terse denunciado o contrato que regulaba a cesión do inmovible.

**71.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á denegación de solicitude de subvención para desenvolver un "Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas no eido local do Concello de Santiago de Compostela".** Infórmase da resolución da Consellería de Sanidade, pola que se lle denega a subvención ao Concello de Santiago

**72.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a dar conta da liquidación do 3º trimestre de 2015 polas persoas dependentes atendidas no Servizo Municipal de Axuda no Fogar.** Dáse conta de que o Concello de Santiago devengou polo 3º trimestre de 2015 (xullo, agosto e setembro) a contía total de 133.118, 33 euros

**73.- Propostas da alcaldía relativas á aprobación, xustificación e pagamento de subvencións nominativas a diversas Entidades.** Apróbanse as seguintes subvencións nominativas:

- \_Museo do Pobo Galego: 9.180 euros
- \_Asociación Cultural Francisco Asorey: 2.000 euros
- \_Curso Universitario Internacional "Música en Compostela": 3.825 euros
- \_Asociación Cultural Colexiata de Sar: 3.500 euros.
- \_Asociación Cultural O Galo: 2.000 euros

\_Ateneo de Santiago: 3.400 euros.

**74.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo relativa ao expediente de concesión e pagamento das axudas dentro da convocatoria para reforma de locais de negocio e incorporación de maquinaria e equipos para a posta en funcionamento de novas liñas de negocio e/ou ferramentas de xestión empresarial "URBANA SANTIAGO NORTE 2015".- LIÑA COMERCIO DE PROXIMIDADE.** Apróbase a concesión de sete axudas, das 9 solicitadas, por un importe total de 13.653,48 euros.

**75.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento económico e Turismo para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e COGAMI.** Apróbase a proposta, que supón unha achega do Concello de 15.000 euros.

**76.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da sinatura do convenio cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella.** Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella, que regula a cooperación entre as dúas partes para impulsar actividades culturais que contribúan a dinamizar a cidade de Santiago. As actividades culturais que inclúan equipos de amplificación pódense celebrar en horario que non exceda as 24:00 horas, agás as noites de venres, sábado e domingo, nas que poderán celebrarse ata a 01:00 horas. As actividades que non supoñan equipos de amplificación de son poderán celebrarse no horario de apertura do local. As actividades previstas son contacontos, monólogos e teatro de cámara, maxia, clubs de lectura, música, sesións de DJs e exposicións. A Asociación Cultural Cidade Vella comprométese a colaborar activamente co Concello para evitar molestias á veciñanza, realizando unha campaña de concienciación cívica e velando por evitar aglomeracións e ruidos na vía pública durante os eventos e ao remate deles.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado do Medio Rural relativa á conformidade co novo investimento para o POS adicional de 2015, para a realización das obras de reparación na rúa Teresa Jornet e anexas.** Apróbase a proposta cun orzamento total de 221.470,75 euros, dos que a Deputación achega 189.338,43 euros e o Concello 32.132,32 euros

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao expediente de aprobación das bases da convocatoria do concurso de ambientación de Nadal 2015 para Comercio e Hostalería.** Apróbase a proposta, cun orzamento de 608,63 euros para deseño gráfico e impresión de materiais, e 450 euros para a dotación do premio.

**3.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbase a proposta

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución de sentenzas ditadas polo xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Santiago.** Apróbase a proposta, relativa ao expediente do proxecto de expropiación da casa do Cabido, Parcela nº 5. A contía total dos xuros ascende a 81.841,04 euros

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución de sentenzas ditadas polo xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Santiago.** Apróbase a proposta, relativa ao expediente do proxecto de expropiación da casa do Cabido, Parcela nº 6. A contía total dos xuros ascende a 33.244,48 euros

**6.-Informe xustificativo para a solicitude de urxencia e inclusión do expediente da adxudicación do subministro e instalación de material audiovisual para o centro xove de creación cultural da Almaciga.** Apróbase a proposta.

**7.- Prórroga do contrato pola prestación do servizo de xestión de expedientes sancionadores de tráfico.** Acórdase prorrogar o contrato coa empresa SCI Servicios de Colaboración Integral por un periodo de dous anos e un importe total de 922.881,36 euros.

**8.-Informe-proposta relativo á resolución da convocatoria de axudas para a posta en marcha de novas liñas de negocio e ferramentas de xestión empresarial "Urbana**

**Santiago Norte**". Apróbase a concesión de axudas a sete empresas, por un importe total de de 41.207,47 euros

**9.-Proposta do alcalde relativa á incorporación de Santiago de Compostela como cidade seguidora ao proxecto Smarter Together.** Apróbase a proposta

**10.-Certificación nº 2 contrato para o mantemento e reparación de pavimentos no ámbito da Cidade Histórica, excluído intramuros, coa empresa Joscon.** Apróbase a proposta

**11.-Subministro de prendas de confección a medida, prendas para auga, calzado e complementos de uniformidade para a Policía Local.** Apróbase a proposta

**12.-Certificación nº 2 substitución rede de abastecemento no lugar de Bornais**

**13.-Certificación nº 4 acceso a zonas altas da Almaciga, ámbito das rúas Santa Clara e Basquiños**

**14.-Certificación nº 5 renovación de viais e beirarrúas na Avenida de Quiroga Palacios**

**15.-Certificación nº 2 execución das obras do proxecto básico e de execución de reforma do campo de fútbol de Conxo**

**16.-Certificación nº 7 reurbanización rúa Carretas**

**17.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución das obras de creación do campo da festa e pista polideportiva de Angrois.** Apróbase a proposta.